



➤ AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
Escritor

“A miña novela é debedora de Cunqueiro e Rodari”

O literato galego gaña o Premio Edebé co libro infantil “A escola dos piratas”

Alberto Quián / VIGO

O vilalbés Agustín Fernández Paz sumou onte un novo premio á longa lista de galardóns que foi acaparando coa súa afanada dedicación á literatura infantil e xuvenil. Nesta ocasión acadou o Premio Edebé de literatura infantil, na súa XIII edición, coa novela “A escola dos piratas”, un tributo ao poder da imaxinación para cambia-lo mundo. Tras recibir o premio en Barcelona, Fernández Paz amosaba a súa leledicia por ter participado nunha convocatoria literaria aberta ás catro linguas oficiais.

—Un premio máis para a súa ampla colección...

—Todos os premios teñen o seu, pero a este, a diferenza doutros, me presenteí e ten o aquel de que está aberto ás catro linguas do Estado, sen restricións. Con esta obra, que é diferente ás outras miñas, apeteciame o reto de probarme con colegas dou-

tras partes do Estado, e saíu ben.

—Esta é unha obra na que homenaxea á imaxinación...

—Si. Penso que se pode resumir co lema coa que a presenteí: “Entre Omegna e Mondoñedo”, as localidades onde naceron Gianni Rodari e Álvaro Cunqueiro. Esta é unha novela debedora destes dous escritores que defenderon o poder da imaxinación. Cunqueiro dixo aquilo de “o home precisa, como quen bebe agua, beber soños”. E eu tamén penso que a imaxinación é unha forza poderosa.


—E con esa forza poderosa crea unha historia de piratas para nenos...

“En Galicia hai un grupo de escritores orixinais e renovadores”

—Así é. A historia parte dunha rodariana hipótesis fantástica: nunha vila galega, unha escola que está no cume dun outeiro esvara até o río, que a arrastra até o mar. A partir de aí se novelan as reaccións na comunidade escolar. E se dicía que é unha obra diferente a outras miñas é porque se trata dunha novela coral, a primeira que escribo, é ademais moi descriptiva e nela se producen aventuras moi dialogadas. Pero o problema dunha novela coral é que resulta moi difícil describir ben a tódolos personaxes, polo que, ao xeito de Cunqueiro, que puña un índice onomástico, eu fixen ao final do libro, co título “Os personaxes desta historia”, as biografías de tódolos personaxes.

—Foi premeditado ese protagonismo compartido?

—Ao principio tratei de facela pegándome a un personaxe, pero non me funcionaba. Ao final vin que para que a historia funcionara o protagonismo tiña que



JULIÁN MARTÍN

A XIII edición dos Premios Edebé tivo como gañador no apartado de literatura xuvenil ao catalán Andreu Martín con “Los dueños del paraíso”, unha crónica negra da chegada dos primeiros españois a América a través da mirada de dous estudantes. Martín (esquerda) e Fernández Paz celebraron os seus premios cunha copa de viño.

ser colectivo.

—O premio reflexa o nivel da literatura galega en España?

—Nós vivimos en un país difícil para os creadores pero penso

que este premio algo quere decir. En Galicia hai un grupo de escritores reconecidos e traducidos a outras linguas con obras renovadoras e orixinais.